

Dez anos sen Casares

A súa vocación foi facer unha literatura apegada ao cotián, caracterizada polo protagonismo da anécdota, dun humor que resultaba amable para o lector



M. MORALEJO

Carlos Casares pousa co seu gato «Samuel», un dos personaxes favoritos dos lectores

Vimos de ler, con ledicia, o pequeno volume que La Voz de Galicia publicou o recente 9 de marzo, coincidindo co aniversario, o décimo, do seu pasamento. Referímonos, claro está para quen le o periódico todos os días, ao libríño que escolma os artigos que neste xornal publicara na sección Á marxe o escritor Carlos Casares, colleita que abrangue desde os anos oitenta ata, precisamente, o 9 de marzo do 2002.

Naceu Carlos Casares en 1941 en Ourense. Comezou a súa tarefa profesional como profesor de literatura no ensino medio, pero ao longo da súa intensa vida tamén foi parlamentario na Xunta, no primeiro período lexislativo desta institución, pertenceu á Real Academia Galega, dirixiu a editorial Galaxia e a revista *Grial*, e presidiu o Consello de Cultura Galega.

Xa de mozo fíxose evidente a súa paixón por escribir, que se concretou nalgunhas pezas dramáticas, entre outras cousas. E non acabara o bacharelato cando coñeceu a Vicente Risco (unha das súas máis importantes influencias), a raíz de gañar o Concurso Provincial de Contos. Desde aquela gozou sempre de participar nos faladoiros dos intelectuais galeguistas.

■ **Podemos ampliar a información sobre os inicios do escritor lendo a biografía publicada na web da Fundación Carlos Casares. Búscala en <http://www.fundacioncarloscasares.org/>**

Ademais de algúns ensaios, Casares destacou como novelista ou, máis ben,

como narrador, pois desenvolveu tal actividade tanto en novelas como nas colaboracións periodísticas. Na primeira faceta estreouse con *Vento ferido* (1967, un libro composto por 12 relatos), seguido de *Cambio en tres* (1969) e *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975). Estas son obras nas que o autor ensaia diferentes técnicas de escritura, consonte con outros autores da nova narrativa galega.

En 1979, con *Os escuros soños de Clío*, considérase que inaugura unha segunda etapa, á que pertencen *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Nesta segunda etapa o seu estilo está consolidado. A espontaneidade e a sinxeleza propias do relato oral son o seu principal trazo, co uso dunha linguaxe popular e familiar, facilmente comprensible. E os asuntos atenden ao próximo, o cotián. Todo isto tinguido dun sentido dun humor amable.

Como articulista, Casares abrangueu temas centrados no anecdótico, no que a el lle acontecía, nas súas embranchas, na súa contorna, en viaxes e en lecturas... e nas reflexións sobre o seu gato *Samuel*, un dos seus protagonistas máis queridos dos lectores. Uns relatos aos que aplico as técnicas do conto oral: «Eu creo que escribo igual un artigo que un conto ou unha novela. De feito, o que fago no periódico é literatura. A min gústame contar cousas». E nas páxinas de La Voz quedou constancia, como recolle o libríño mencionado, da súa contri-

bución á cultura galega, e sobre todo da súa contribución á normalización da lingua galega.

■ **Se non tes o libríño «Carlos Casares en La Voz de Galicia», podes ler os artigos de Casares na web. La Voz de Galicia, na súa versión dixital, vén publicando a cotío un blog cos artigos que Casares tiña escrito**

en vida. Busca na páxina principal de La Voz (<http://www.lavozdeg Galicia.es/>) o enlace aos blogs, que está o último na tira gris do cabeceiro de seccións. Atopará «Á marxe do tempo entre os primeiros».

> **Carlos Ocampo**
carlos.ocampo@lavoz.es

El escritor e o tráfico

Carlos Casares ditara, un 23 de outubro de 1985 en Santiago, no marco dunhas xornadas sobre a seguridade dos peóns en Galicia, unha conferencia que saía das marxes do común neste tipo de encontros para especialistas. Organizadas pola Dirección Xeral de Tráfico, descoñecemos se ponencias como a de Casares ficaron editadas no seu momento: en todo caso, paréceme que o acceso a elas non ha ser doado.

Sei de certo que, fronte ao cadro de especialistas que intervirían neste congreso, Casares defendeu-se da invitación argumentando que el pouco sabía do tema. Pero non tardou en aceptar e, como o tráfico xa daquela era inseparable da vida moderna, soubo transmitir coa súa habitual sinxeleza e o seu amable sentido do humor unha idea que, ademais de interesante, paréceme que segue gozando de plena actualidade. O tema das xornadas era a circulación de peóns, sobre todo no medio rural galego, e viña motivado pola cantidade abraiante de mortos por atropelo.

A dispersión da poboación galega, con milleiros de núcleos moi pequenos, require unha rede viaria de moitísimos quilómetros, tantos que é imposible investir o suficiente para mantelos todos nas mellores condicións de seguridade. E todos se empregan a diario, dende as modernas autovías ata os carreiriños que ás veces só están asfaltados por tramos. E as que máis, as numerosas estradas con remendos e fochancas, sen beiravías, compartidas por quen salvan as sucintas distancias entre parroquias a pé ou en coche. Todos estes son factores obxectivos que aínda hoxe seguen a provocar mortes por atropelo na Galicia rural. Pero Casares sinalaba outra que, nin co tempo pasado desde aquela, penso que segue a ter validez hoxe. Contaba, co seu narrar característico, cómo na pista que ía á súa casa unha muller coa que a cotío se cruzaba, el en coche e ela pé, demoraba con parsimonia o apartarse para deixar pasar o vehículo, e cando deixaba o paso franco ameazaba co bastón e con anoxo non ao piloto, mais o artefacto. Un-

troso ocorralle ás noites cun paisano que ía bebido, pero este non evitaba, malia o perigo de perder o equilibrio, darlle unha patada á porta. Unha terceira actitude frecuente é a de quen ao chegaren os coches ao seu carón póiñense de costas a eles.

Anoxo ou medo, como reacción ante o vehículo, agochan en realidade, segundo Casares, a percepción do automóbil como un elemento perturbador do xeito tradicional de vivir destas persoas. E engadimos nós que, malia os seus indiscutibles beneficios, esta perturbación que provocan segue a producirse hoxe en día, aínda que quizais as reaccións non sexan exactamente as mesmas.

ACTIVIDADE

■ **Debate. ¿Séguese hoxe en día a percibir, nalgunha medida, o automóbil como un inimigo? ¿Podemos enumerar os problemas e molestias que provocan? ¿A quen son debidas estas molestias, aos coches en si ou aos comportamentos inadecuados? Enumerade e valorade algúns destes comportamentos.**

Unha web sobre seguridade viaria

A Xunta vén de inaugurar unha web, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, chamada Eucirculo. A súa finalidade é

concentrar recursos e ferramentas para a educación viaria en todos os ámbitos do complexo mundo que constitúe o tráfico.

Na páxina destacan os capítulos dedicados a Actividades, Recursos e Normativa (unha recopilación das indicacións do currículo oficial referidas á materia), ademais dun Glosario que non virá mal para entender o significado exacto dalgúns conceptos. No apartado Actividades, hai varios enlaces, entre os que destacan os que levan aos «Obradorios» das xefaturas provinciais de Tráfico, desde os que se pode solicitar informa-



ción, materiais didácticos e mesmo a colaboración de expertos que acudirán aos centros para falar cos alumnos. Neste apartado tamén se recollen iniciativas dos centros escolares. En Recursos, as propostas son moi variadas, pero destaca para os nenos o enlace a Vial-Test, unha web que propón un xogo para que os alumnos comprobren os seus coñecementos en educación viaria.

■ **Explora a web Eucirculo en: <http://www.edu.xunta.es/web/eucirculo>**